

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de marzo de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas do día dous de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(206).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 2, 9, 16 de febreiro e das sesións extraordinarias e urxentes do 6 e 13 de febreiro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(207).- DAR CONTA DAS SEGUINTESENTENZAS E AUTOS.

Dase conta das seguintes sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo na demanda nº 827/2008 por despedimento nulo. Demandante: Dª María Olga Pérez Sayar. Obxecto: Baixa na empresa (concesionaria demanial) CONYCASE-INMONUAR S.L., do 4/09/2008. Desestimada.

b) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p. a. nº 266/2008. Demandante: Dª Barbara Nacimiento Pregal. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación patrimonial (expte. 1758/243). Rematado o procedemento.

c) Sentenza do TSXG no RC-A p. o. nº 02/4292/2003. Demandante: INTERPARKING HISPANIA S.A. Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra acto do 29.07.2002, e outras de orde de execución nos estacionamentos da Porta do Sol e Praza de Portugal (exptes. 14714/240 e 13752/240) Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.O. Nº 448/2007. Demandante: C.P. Da rúa Buenos Aires nº 6. Obxecto: X.G.L. 29-8-2007 (en reposición contra o do 5-3-07) investigación de oficio da titularidade da parcela – rúa A.A. Vázquez. Expte. 17687/240. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. nº 262/08. Demandante: don Carlos Fernández Parada. Obxecto: Desestimación presunta de rec. reposición contra sanción de Tráfico. Expte.: 078706993. Desestimado o recurso.

f) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15098/2009 interposto por AENA contra sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 263/03 (e 264/03) sobre resolución do Concello de Redondela por sanción tributaria por IAE (1998/02) polo Aeroporto de Peinador (Vigo, Redondela e Mos). Desestimado recurso apelación.

g) Senteza do TSXG no rec. Apelación nº 149/2008 interposto polo Dª. Aurea Soto Lago contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo sobre resolución do 7.8.2007 de adscrición ao departamento de Patrimonio Histórico (Expte. 3908/111). Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 238/2008. Demandante: Dª. Mª Esther Vázquez Ferro. Obxecto: Desestimación de reposición en sanción de tráfico. Expte. 088630273. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p.a. Nº 368/2008. Demandante: FERNANDEZ Y COMESAÑA, S.A. Obxecto: Declaración de inadmisibilidade de reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. nº 382/2008. Demandante: D. Carlos Pardellas Barros. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación patrimonial. Expte. Nº 1931/243. Desestimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. nº 455/2007. Demandante: EXCLUSIVAS ORALFI, S.L. Obxecto: Acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 24/02/2007 (expte. nº.: 13643/423). Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(208).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 153.740 € A FAVOR DE MEDIA ARTICKET S.A. EXPTE. 2968/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 24.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 25.02.09, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade da prestación dos servizos prestados pola empresa Media Articket S.A.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa Media Articket S.A. (CIF A-36.787.364) por un importe total de 153.740,00 (cento cincuenta e tres mil setecentos corenta) euros (Factura nº 14 – Programa Vigofolk).

3º.- Recoñecer e dispoñer o gasto a favor de Media Articket S.A. (CIF A-36.787.364) con cargo á partida 4512.226.0809 por importe de 153.740,00 euros.

4(209).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE NOVIEMBRE E DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 39910/301.

Cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de novembro e decembro de 2008, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTI- DA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
01/11/08	REPARACIÓN E MANTEMENTO UBAS	2120000	200800058890	2.000,00	VARIOS
17/12/08	REPARACIÓN CUBERTAS E ILLAMENTO UBAS CASCO VELLO	2120000	200800069597	29.997,60	CONST. SITO Y FERNANDEZ S.L.
21/11/08	ROTULACIÓN DEPARTAMENTAL	2120001	200800063230	2.557,42	PLANITEC, S.L.U
17/12/08	ACONDICIONAMENTO LOCAL UBAS	2120001	200800069596	12254,24	CONSTRUCCIONES SITO Y FDEZ
29/12/08	ADQUISICIÓN AXENDAS 2009	2200000	200800074763	748,00	LIBROURO, S.A.
29/12/08	ADQUISICIÓN AXENDAS 2009	2200000	200800074764	1.972,00	PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS,S.A
29/12/08	ADQUISICIÓN PAPELERAS PLASTICO, PERCHEIROS, LUMINISCENTES	2210900	200800074753	805,12	PLANITEC, S.L.
17/11/08	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	200800061539	1.500,00	VARIOS
04/11/08	PUBLICIDADE "OUTONO CULTURAL"	2260200	200800058708	5.815,86	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
04/11/08	VIDEO DIDACTIVO CURSO MEDIADORES	2260200	200800058714	6.020,40	FELIX BLANCO GONZALEZ
26/11/08	REALIZACIÓN PAPELERÍA CURSO MEDIADORES	2260200	200800064411	12.793,00	DESOÑOS, S.L.
15/12/08	PUBLICIDADE ENCONTRO DOS MAIORES	2260200	200800068770	5.436,32	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
15/12/08	PUBLICIDADE "XANTAR NA CASA"	2260200	200800068783	17.987,02	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
29/12/08	PUBLICIDAD CAMPAÑA ACCESIBILIDAD	2260200	200800074759	17.999,99	ANONIMO PUBLICIDAD, S.L.
26/11/08	ESPECTACULO TEATRAL "BICOS CON LINGUA"	2260801	200800064371	3.980,00	PRODUCCIÓNS TEATRAIS TALIA, S.L
26/11/08	ESPECTACULO TEATRAL "AEROPLANOS"	2260801	200800064372	7.470,40	LAGARTA LAGARTA, S.L.
27/11/08	SERVIZO AUTOCARES ENCONTRO MAIORES	2260801	200800064902	2.311,20	AUTOCARES JOSE BARROS, S.L.
27/11/08	ALUGAMENTO TEATRO SALESIANOS	2260801	200800064903	3.712,00	COMUNIDAD PARROQUIAL MARIA AUXILIADORA
27/11/08	HONORARIOS MONITORA SOCIOCULTURAL "OUTONO CULTURAL"	2260801	200800064904	5.707,20	TECNICAS FORMATIVAS, S.L.
15/12/08	SERVIZO AUTOCAR "OUTONO CULTURAL"	2260801	200800068769	834,60	AUTOCARES JOSE BARROS, S.L.
16/12/08	GASTOS DERIVADOS ENCONTRO MAIORES	2260801	200800069132	17.748,00	VIAXES LOA GALICIA, S.L.
16/12/08	GASTOS DERIVADOS ENCONTRO MAIORES	2260801	200800069133	17.387,50	LYM 2007 NORTE, S.L.
16/12/08	SERVIZO AUTOBUS ENCONTRO MAIORES	2260801	200800069134	18.000,00	MELYTOUR, S.L.
19/12/08	GASTIS DERIVADOS ENCONTRO MAIORES	2260801	200800070571	17.462,06	EMEVENT
22/12/08	PROXECTO EDUC. XADREZ NA ESCOLA	2260806	200800072631	2.038,98	XADREZ GALEGO, S.L.

03/11/08	ESTUDO E NALISE PLATAFORMA INFORMATICA XESTION INTEGRAL	2270600	200800058191	9.000,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
17/11/08	COORDINACION SEGURIDADE EXECUCION OBRAS	2270600	200800061557	2.610,00	ENMACOSA
21/11/08	AVALIACIÓN VIVENDAS	2270600	200800062853	7.841,60	ABILDUA CAPETILLO, ORLANDO
17/12/08	XERACION DUN MODULO PARA ARQUIVO DE INFORMES	2270600	200800069595	5.716,68	AULA DE INFORMATICA DE GALICIA
22/12/08	AMPLIACION REDE DE DATOS NA UBAS DE RAMON NIETO	2270600	200800072618	5.817,40	IRIS COMPUTERS, S.L.
22/12/08	ACTUALIZACION E MELLORA DATOS PAXINA WEB	2270600	200800073506	9.860,00	GOLD SYSTEM MEDIA, S.L.
09/12/08	PROGRAMA CINENSINO 1º TRIMESTRE	2270608	200800067300	1.961,10	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
09/12/08	MERCHANDISING X ANIVERSARIO PLDA	2270608	200800067589	3.213,20	MONICA MARTINEZ IGLESIAS
29/12/08	Organización II SEMINARIO DE INTEGRACION	2270608	200800074757	1.196,72	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES
04/11/08	ACTIVIDADES REHABILITACION PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	2270609	200800058706	6.000,00	ASOC. HOY POR MAÑANA
19/12/08	BELEN VIVIENTE	2270609	200800070805	1.874,24	ASOC. GALEGA SAN FRANCISCO
29/12/08	CURSO CREACION ADORNOS NAVI-DEÑOS	2270609	200800074758	17.981,00	AULA SISIFO DE FORMACION
15/12/08	XESTION E SEGUEMENTO PRACTICAS ACTIV. MEDIACION INTERCULTURAL	2270617	200800068762	2.500,00	MARLENE VENTIN BLANCO
15/12/08	XESTIÓN E SEGUEMENTO PRACTICAS ACTIV. MEDIACION INTERCULTURAL	2270617	200800068764	2.500,00	MILAGROS USTRA GONZALEZ
11/12/08	INSTALACION AIRE ACONDICIONADO	6230000	200800067942	44.189,99	CELTGAS, S.L.
22/12/08	MOBILIARIO UBAS	6250000	200800073502	17.099,97	TECAM OFICINAS, S.A.
23/12/08	MOBILIARIO DORMITORIO PISOS PROG TRANSICION VIDA AUTONOMA	6250000	200800073649	17.993,00	EL CORTE INGLES, S.A.
26/12/08	CORTINAS UBAS	6250000	200800073698	5.604,21	EKIPO SDAD. COOP. LTDA.
26/12/08	MOBILIARIO BAÑOS PISOS PROGR. TRANSICION VIDA AUTONOMA	6250000	200800073735	13.996,20	EL CORTE INGLES, S.A.
27/11/08	ADQUISICION 3 ORDENADORES	6260000	200800064819	2.362,00	TELINCO INFORMATICA, S.L.U.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(210).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 38856/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a UTE MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157)- HI-DROESTRUCTURAS, S.L. (CIF B-36. 922. 144) o procedemento aberto para a contratación das obras de eliminación de barreras arquitectónicas en edificios e dependencias municipais (expte 38856-301) por un prezo total de 1. 964. 705, 68 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 270. 993, 89 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 18 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 61.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 18 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 106. 777, 48 euros á execución de melloras o proxecto .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 656,04 euros .

- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da

plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

6(211).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA BIBLIOTECA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO. EXPTE. 11444/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA (CIF A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido (expte 11444-331) por un prezo total de 420.791, 20 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 58.040, 17 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 6 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 20.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 6 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 22.869, 09 euros á execución de melloras o proxecto .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 656,04 euros .

- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicárase si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluírse tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

7(212).- RECLAMACIÓN DA EMPRESA GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS S.L. DO PAGAMENTO DE FACTURAS DO ANO 1998. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 17.02.09, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Con data 23/10/2008, a D. Fernando Rodríguez Alonso en representación da empresa Graciano Rodríguez e Hijos, S.L., presenta reclamación, na que solicita o pagamento das seguintes facturas:

- *Fra nº 1222 de data 31/10/98 (Rex. Entrada Concello nº 99878101), por importe de 807360 Ptas, en concepto da subministración de xabre e area a instalacións deportivas municipais.*
- *Fra nº 1220 de data 31/10/98 (Rex. Entrada Concello nº 99878099), por importe de 48720 Ptas, en concepto da subministración de area a instalacións deportivas municipais.*

Neste servizo non hai constancia por escrito do dito encargo. Igualmente, non constan reclamacións de impago presentadas en datas anteriores ao 23 de outubro de 2008.

Así, solicitouse á Asesoría xurídica a emisión de informe, sobre a procedencia da reclamación que se xunta.

Con data 17/02/2009, o xefe de Recursos e Asesoramento D. Francisco Javier González-Yebra, emite informe ao respecto, que se xunta no expediente, no que indica a non procedencia de acceder ao solicitado pola empresa Graciano Rodríguez e Hijos, S.L, a tenor do seguinte texto:

“Examinada a reclamación de referencia, procede informar por esta Asesoría Xurídica que non cabe acceder á mesma toda vez que non se acredita a efectiva realización do subministro cuxo pago se reclama nin consta a esta Administración municipal a recepción do mesmo e, sobre todo, porque, en calquera caso, a débeda estaría xa prescrita: o artigo 25 da Lei 47/2003, Xeral Orzamentaria, establece que o dereito ao recoñecemento e liquidación pola Facenda Pública de toda obriga que non se solicita coa presentación dos documentos xustificativos prescribirá aos catro anos desde que se concluiu o servizo ou a prestación determinante da obriga, pero non regula a situación que se produce entre a achega do acreedor dos documentos xustificativos —que no caso que nos ocupa, e no que as facturas se refire, foron presentadas ao Concello o 4 de decembro de 1998— e o acto de recoñecemento da obriga. A solución, sen embargo, non pode ser outra que a de considerar que tal presentación interrompe a prescripción que comenza a correr de novo de acordo coas normas de dereito privado, establecendo o Código Civil, no seu artigo 1.967.4 que prescribirán polo transcurso de tres anos as obrigas de abonar os mercaderes o prezo dos xeneros vendidos a outros que non o sexan ou sendoo se dediquen a distinto tráfico”.

En base a este informe, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Desestimar a petición presentada por D. Fernando Rodríguez Alonso, en representación da empresa Graciano Rodríguez e Hijos, S.L., relativa ao pagamento da cantidade de 5145,50 € en concepto de subministro de xabre e area ao Concello de Vigo no ano 1998, en base ao informe da Asesoría Xurídica municipal, que sinala a prescrición da cantidade reclamada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(213).- SOLICITUDE DA ANPA SOBREIRA VALADARES DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR COLEXIO SOBREIRA VALADARES O DÍA 15.02.09. EXPTE. 8441/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.02.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ANPA Sobreira Valadares a organizar o vindeiro domingo 15 de marzo de 2009, o Cross Escolar Colexio Sobreira Valadares, dito Cross comenzará ás 09.30 horas, e percorrerá varios camiños da parroquia, o cross rematará ás 13.30 horas aproximadamente, tendo a saída e a meta, no propio colexio.

9(214).- SOLICITUDE DO CLUB DE CORREDORES DE VIG-BAY DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O X MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY 2009 O DÍA 29.03.09. EXPTE. 8438/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 4.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro domingo, día 29 de marzo de 2009 a proba deportiva denominada “X Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2009”, que está previsto que se leve a cabo entre Vigo e Baiona, con saída da Avda. de Samil (dian- te do VERBUM) e co percorrido pola Avda.de Samil en dirección a Canido, Cesáreo Váz- quez e Avda. Ricardo Mella a partir das 10.30 horas.

10(215).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE DEPORTIVA SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O DUATLÓN ESCOLAR EN CANDEÁN, O DÍA 4.04.09. EXPTE. 8447/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.02.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Sociedad Deportiva San Miguel, a organizar o vindeiro sábado 4 de abril de 2009, a partires das 10.30 horas, o Duatlón Escolar en Candeán, dito evento se levará a cabo nos arredores da A.VV de Candeán e rematará arredor das 13.30 horas

11(216).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 8402/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a TECONSA (CIF A-28.233.327) o procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun pavillón polideportivo en Navia (expte 8402-333) por un prezo total de 4. 218. 792, 23 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 581. 902, 38 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 40 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 140.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 40 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 229. 282, 18 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas co equipamento deportivo na instalación e equipos básicos de auxiliares vinculados coa práctica deportiva.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 656,04 euros .

- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicárase si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Inclúirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

12(217).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA EN NAVIA. EXPTE. 8401/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a UTE MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157) – INDEPO, S.L. (CIF B-36.956.464) o procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun campo de fútbol de herba sintética en Navia (expte 8401-333) por un prezo total de 1. 290. 340, 84 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 177. 978, 05 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 14 raballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 48.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 24 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 70. 180 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas co equipamento deportivo na instalación e equipos básicos de mantemento de herba sintética.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 656,04 euros .
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

13(218).- PROXECTO DE “RENOVACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS”. EXPTE. 5729/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 10.20.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto “Renovación Urbana do Barrio de Teis”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar aos Fondos del Mecanismo Financiero EEA/ Mecanismo Financiero Noruego, unha subvención de 4.000.000,00 €, correspondente ao 80% do custe total do proxecto.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009, 2010 e 2011, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión do proxecto.

5º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante do Mecanismo Financiero EEA/ Mecanismo Financiero Noruego.

14(219).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 45.670,39 € A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA. EXPTE. 12850/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 19.02.09, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 9.02.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 12/07/04, adjudicou entre outros o Expte. 16.628/240 “Mantemento Integral das Instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores”, por un período de 2 anos prorrogable en 2 anos máis.

A última prórroga deste contrato (Expte. 12.198/444), rematou o pasado día 31 de agosto de 2008.

Con antelación suficiente, 6 de marzo de 2008, no Servizo de Electro-Mecánicos redactouse o Prego de Prescricións Técnicas, co expte. 12.423/444, remitido posteriormente á Oficina de Contratación o 7 de marzo. Este expediente atópase actualmente na Oficina de Asesoría Xurídica para informe

dende o pasado 7 de xullo.

Tendo en conta que as instalacións que regulan o tráfico no interior do túnel deben estar permanentemente controladas e en perfecto estado de funcionamento xa que o contrario suporía un grave perigo para a circulación, e polo que se considera imprescindible que se siga prestando servizo de mantemento a estas instalacións.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro pasado a seguinte proposta:

"1º.- Encomendar á UTE Imes-Esycsa, adxudicataria ata o 31 de agosto de 2008 que continúen coa prestación do servizo de mantemento dos Túneis e pasos inferiores, ata a adxudicación do novo contrato, nos mesmos termos e condicións establecidas no prego que serviu de base para a contratación de tal servizo.

2º.- As certificacións mensuais por prestación do servizo, ao non existir contrato, deberán ser tramitadas mediante expediente de convalidación de gasto sendo financiadas con cargo á partida "Mantemento Túneis e Pasos Inferiores" 4324.227.06.02."

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, PROPOSTA:

1º.-Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de xaneiro de 2009, con cargo á partida orzamentaria "Mantemento Túneis e Pasos Inferiores" 4324.227.06.02.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(220).- SOLICITUDE DE AXUDA Á XUNTA DE GALICIA PARA SUFRAGAR OS GASTOS EXTRAORDINARIOS INCORRIDOS NA CANEIRA MUNICIPAL COMO CONSECUENCIA DO TEMPORAL. EXPTE. 6244/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, de 26.02.09, conformado pola concelleira-delegada de medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que di o seguinte:

Con data 3 de febreiro de 2009 se publica no Diario Oficial de Galicia a orde do 2 de febreiro pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais como consecuencia directa do temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

Xirada inspección na caneira municipal sita na subida á Madroa, s/n nos momentos inmediatamente posteriores á finalización do temporal, comprobouse o peligro inminente ao que estaban expostos o persoal da mesma así como todos os animais que alí conviven, ao atoparse varias árbores en mal estado que amenazaban con caer enriba dos inmobles. Asemade, outras árbores caíran producindo a

rotura do teito onde se ubican os gatos e uns oito metros de muro permitían a fuxida dos animais así como supoñían un grave perigo para as persoas que alí traballan.

Resultando necesarias acometer diversas actuacións urxentes na caneira municipal como é a construción do muro, a reparación da fachada e a reconstrución dos tellados entre outras, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Solicitar ao abeiro da orde do 2 de febreiro a concesión dunha axuda para sufragar os gastos extraordinarios derivados das actuacións levadas a cabo na caneira municipal por mor do temporal acaecido a partir do 23 de xaneiro.
- 2º.- Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, M^a Jesús Lago Rey, a representación para subscribir a solicitude.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(221).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE XUVENTUDE, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2009.

Mediante providencia de data 20.02.09, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, en cumprimento coa base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos menores tramitados polo Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de xaneiro de 2009, que son os seguintes:

Expediente	807/334. Realización de portes
Decreto concelleira	data 13 de xaneiro de 2009
Informe Intervención	RC 3089
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	5.000,00 euros

Expediente	808/334. Publicidad de distintos eventos ou información
Decreto concelleira	data 13 de xaneiro de 2009
Informe Intervención	RC 3088
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	10.000,00 euros

Expediente	809/334. Adquisición de libros e outras publicacións
Decreto concelleira	data 13 de xaneiro de 2009
Informe Intervención	RC 3101
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	600,00 euros

Expediente	812/334. Correccións lingüísticas
Decreto concelleira	data 30 de xaneiro de 2009
Informe Intervención	RC 7515
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	7.000,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(222).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE MELLORA E REURBANIZACIÓN DE RÚAS NO CASCO VELLO DE VIGO (6 LOTES). EXPTE. 4753/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Unión Temporal de Empresas MOVEXVIAL, S.L.(B-36684157)(20% de participación) e Depuración Mantenimento e Instalaciones, S.L. (B36627180) (80% de participación) as obras de mellora do entramado viario da rúa Balles-ta, Gamboa, Fermín Penzol, Xoaquín Yañez (lote 1, Expte 4753-307) por un prezo total de 759.133,92 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 104.708,12 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 8 raballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 26.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 8 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 41.260 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar provisionalmente a Unión Temporal de Empresas MOVEXVIAL, S.L.(B-36684157)(20% de participación) e Depuración Mantenimiento e Instalaciones, S.L. (B36627180) (80% de participación) as obras de mellora do entramado viario da rúa Peñasco, San Xulian, San Bernardo e Xuanelo (lote 2 Expte 4753-307) por un prezo total de 444.534,71 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 61.315,13 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 6 raballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 21.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 6 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 24.159,50 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Aldasa S.L.U.(B-15.760.150) as obras de mellora do entramado viario da rúas Poboadores e San Francisco (lote 3 Expte 4753-307) por un prezo total de 842.231,50 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 116.169,86 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 8 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 28.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.

Aporta 8 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 205.483 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

4º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Aldasa S.L.U.(B-15.760.150) as obras de mellora do entramado viario da rúa Santiago (lote 4 Expte 4753-307) por un prezo total de 353.369,73 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 48.740,65 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 5 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 16,5.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.

Aporta 5 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 13.912,54 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

5º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Aldasa S.L.U.(B-15.760.150) as obras de mellora do entramado viario das rúas Cruz Verde e Abeleira Menéndez (lote 5 Expte 4753-307) por un prezo total de 310.073,15 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 42.768,71 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 6 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 20.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 4 %.

Aporta 6 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 12.207,91 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

6º.- Adxudicar provisionalmente a Construcciones Crespo S.A.(A-36001063) as obras de mellora do entramado viario das rúas Ferrería, San Sebastian e Subida a Cuesta (lote 6 Expte 4753-307) por un prezo total de 647.295,51 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 89.282,14 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 7 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 23.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 7 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 35.179,10 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

7º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 172 euros por lote.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

18(223).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REMODELACIÓN DO EIXO DAS RÚAS ELDUAYEN E PASEO DE ALFONSO, FASES A, B E C. EXPTE. 4754/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a MOVEXVIAL, S.L. (CIF B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do eixo das rúas Elduayen e Paseo de Alfonso (Expte 4754-307) por un prezo total de 3. 891 895, 42 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 536. 813, 16 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 24 raballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 83.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 24 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 211. 516, 05 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 670, 46 euros .

- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da

plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

19(224).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE REVALORIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO DE VIGO. EXPTE. 4755/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Construciones A. Varela Villamor, S.L. (CIF B-36150738) o procedemento aberto para a contratación das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro (expte 4755-307) por un prezo total de 1.080.499,13 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 149.034,36 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 10, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 80 persoas.

Aportar 10 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 36 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 48 meses.

Destina a cantidade de 39.724 a execución das seguintes melloras :

- 1.Melloras da unidade familiar (ambientación, construción). 13.720 euros
- 2.Acondicionamento entorno (beirarrúa lindante co peche do xacemento na rúa Paseo Cronista Álvarez Blázquez). 9.800 euros.
- 3.Elaboración dun plan de xestión. 7.840 euros.
- 4.Divulgación do xacemento (deseño e edición de material divulgativo, dinamización...). 5.880 euros
- 5.Vixilancia-seguridade (ampliación dos medios técnicos previstos). 2.484 euros .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 670,46 euros por lote.

A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluírse tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

20(225).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE INFRAESTRUCTURA DE TELECOMUNICACIÓNS DO CASCO VELLO. EXPTE. 4756/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.02.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a TECNOLOGIAS PLEXUS, S.L. (CIF B-15726177) o procedemento aberto para a contratación das obras de Infraestructura de telecomunicacións no Casco Vello (Expte 4756-307) por un prezo total de 660.383,36 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 91.087,36 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido o número de 10 traballadores, sendo o total do persoal a adscribir a execución da obra o de 35.

Incrementa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando o 2% fixado no prego de prescricións técnicas ao 3 %.

Aporta 10 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.

Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Destina a cantidade de 35.890,39 euros á execución de melloras o proxecto .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-01-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 656,04 euros .
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Asimesmo indicarse si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluírse tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

21(226).- ABOAMENTO DE DÉBEDA Á SEGURIDADE SOCIAL EN DIVERSOS CONCEPTOS. EXPTE. 18827/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 2.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e o interventor xeral, que di o seguinte:

Existindo a data 24 de febreiro e 3 de marzo do 2009, segundo certificado de situación de cotización, solicitada polo Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, unha débeda pendente á Seguridade Social en concepto de compensación de incapacidade temporal por enfermidade común e diferencias porcentaxes TC que ascenden a un importe total de 349,40 €, saldo restante dunha compensación efectuada, procede que con carácter urxente se acorde o pagamento efectivo da mesma, autorizando o correspondente gasto.

O artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, consigna a obriga de todo empresario de cotizar ao sistema da Seguridade Social, que será efectuada nos termos do disposto no Real Decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, do Regulamento sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores da Seguridade Social; Real Decreto 2064/1995, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre cotización e liquidación de outros dereitos da Seguridade Social, e Real Decreto 1415/2004, do 11 de xuño, do Regulamento Xeral de Recaudación da Seguridade Social.

En consecuencia, e previa a preceptiva fiscalización do gasto polo importe referido con cargo á partida orzamentaria 3131.160.00.00-Seguridade Social a cargo do empregador existente no vixente Orzamento de gastos do Concello para o exercicio económico 2009, e que pola Intervención Xeral se efectúe de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes Bases de execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009;

No uso das atribucións que en canto á autorización e disposición do gasto en materias da súa competencia o artigo 127.1, apartado g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, outorga á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Acordar o aboamento da débeda pendente á Seguridade Social en concepto de compensación de incapacidade temporal por enfermidade común segundo certificado de situación de cotización expedido o 24 d febreiro e 3 de marzo de 2009 a petición da Concellería-Delegada da Area de Xestión Municipal, así como do resto da documentación obrante no Servizo de Recursos Humanos, que ascenden a un importe total de 349,40 euros, autorizando en consecuencia o gasto por dito importe.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral e Tesourería Municipal para que con carácter urxente se proceda á efectiva materialización presente acordo e do gasto inherente ao mesmo.”

Terceiro.- Dito importe deberá ser ingresado mediante transferencia bancaria na conta nº 2038 4016 93 6000056419 (conta de recursos diversos) da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(227).- DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO DE 30 DÍAS NATURAIS A D. AVELINA SANTISO GIL. EXPTE. 18834/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 24.02.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 18 de febreiro de 2008, a través do Rexistro Xeral do Concello (doc. 90022414), Dª Avelina Santiso Gil, con número de persoal 78718, Xefa da Unidade Técnica de Medio Ambiente, adscrita ao Servizo de Medio Ambiente, solicita se lle conceda un permiso de 30 días naturais para atender o coidado da súa nai por enfermidade moi grave, atendendo o previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia.

A interesada aporta o correspondente informe médico, sentenza de declaración de incapacidade, así como auto de declaración de tutora da solicitante.

O art. 76.1.k) do Decreto legislativo 1/2008, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, aco-

lidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Avelina Santiso Gil, con número de persoal 78718, Xefa da Unidade Técnica de Medio Ambiente, adscrita ao Servizo de Medio Ambiente, un permiso retribuído de 30 días naturais, de conformidade co previsto no art. 76.1.k), para atender ao coidado da súa nai, no período comprendido entre o 25 de febreiro e o 26 de marzo de 2009.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 24.02.09, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

23(228).- DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA A D^a. GLORIA POUSA RODRÍGUEZ. EXPTE. 18832/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 24.02.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 23 de febreiro de 2000, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 90024870), D^a Gloria Pousa Rodríguez, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Igualdade, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado do seu marido, atendendo o previsto no art. 76.l da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia.

O art. 76.l) da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988 da función pública de Galicia, establece que por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o persoal funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo a extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un período máximo de dous meses.

A interesada aporta informe clínico do estado do seu marido así como da necesidade de axuda dunha segunda persoa para o desenvolvemento das actividades da vida diaria durante a etapa de recuperación.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ao Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Gloria Pousa Rodríguez, n^o de persoal 17816, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Igualdade, un permiso retribuído coa redución do 50% da xornada laboral, por un prazo máximo de un mes, de conformidade co previsto no art. 76.l) da Lei 13/2007,

O presente permiso iniciárase o 25 de febreiro e finalizará o 26 de marzo de 2009, sendo o horario solicitado de 10,00 a 14,00 horas.”

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, con data 24.02.09, resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(229).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIONS A D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS. EXPTE. 21057/502.

Dáse conta do Decreto de data 11.02.09, do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 13 de xaneiro de 2009 a Xefa de Inspección de Tributos, co conforme da Sra. Concelleira-delegada de Economía e Facenda, remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións pola realización das funcións propias de Inspector Actuario a D. Juan Carlos Román Casas.

As necesidades do servizo da Inspección de Tributos para a tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes as infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, proponéndose a tal obxecto a encomenda de funcións propias dos funcionarios encadrados no subgrupo A2, ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito a Inspección de Tributos, o cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proveerse con carácter provisional debendo procederse a súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluída na oferta de emprego público do ano 2008, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura Inspección de Tributos, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(230).- CREACIÓN DO FICHEIRO AUTOMATIZADO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADO “CONTROL DE SEGURIDADE NO EDIFICIO CONSISTORIAL, MEDIANTE VIXILANCIA NO ACCESO AOS GARAXES DOS CORPORATIVOS E DO PERSOAL MUNICIPAL, E AS DEPENDENCIAS DA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL”. EXPTE. 33902/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do superintendente xefe de Policía Local, do 16.02.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, que di o seguinte:

Segundo o disposto no art. 53.1 a) da Lei orgánica 2/86, corresponde á Policía Local, entre outras, a competencia relativa á vixilancia e custodia dos edificios e instalacións municipais.

O control de seguridade no acceso rodado e a pé ao garaxe de funcionarios existente no edificio consistorial –que da acceso directo ao mesmo–, así como ao garaxe dos membros da Corporación municipal –desde o que se accede as dependencias da Policía Local e ao edificio consistorial–, e dos cidadáns as dependencias desta Policía Local aconsella a instalación de videocámaras que comple-

menten o sistema actualmente existente, que consiste na mera vixilancia estática de policía que a menudo teñen que abandonar os respectivos postos, quedando descuberto o servizo.

A distribución das cámaras sería a seguinte:

- Garaxe de funcionarios: Unha por dentro e outra por fora, orientada hacia o punto de acceso ao interior.
- Garaxe da Corporación: dúas por dentro. Unha hacia o portal e outra hacia a porta de acceso ao soto 1º.
- Xefatura: dúas cámaras. Unha no pasillo, orientada hacia a porta de acceso desde o gara-xe da corporación. E, a outra no vestíbulo de entrada, orientada hacia a porta principal.
- Planta Baixa: Situada no vestíbulo da Oficina de Xestión Administrativa da Policía Local, orientada hacia a porta de acceso desde a entrada principal do edificio consistorial.

A videovixilancia mediante cámaras que captan a imaxe dos usuarios das instalacións obxecto de protección implica unha nos dereitos recoñecidos nos art. 18.1 e 18.4 da CE.

En virtude de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Crease na Concellería Delegada de Mobilidade, Seguridade e Transportes o fichero automatizado de datos de carácter persoal denominado “Control de seguridade no edificio consistorial, mediante videovixilancia no acceso aos garaxes dos Corporativos e do persoal municipal, e as dependencias da Xefatura da Policía Local”, regulado no Anexo.

SEGUNDO.- A regulación e funcionamento do citado fichero axustarase ao disposto na Lei orgánica 15/99 e o seu desenvolvemento regulamentaro dado polo R.D. 1720/07 e a Instrucción 1/06 da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

En particular, haberán de respectarse os principios de taxatividade dos fins que xustifican a existencia do fichero (exclusivamente, a seguridade no acceso), a proporcionalidade entre a finalidade perseguida e o tratamento dos datos obtidos (as cámaras soamente recollerán imaxes dos puntos de acceso e a súa zona de influencia inmediata), transparencia no funcionamento (sinalización das zonas vixiladas e alta do correspondente fichero na AEPD), control de seguridade sobre os datos obtidos nos términos establecidos no Título VIII do RD 1720/07, e respecto aos dereitos dos interesados (básicamente, garantía dos dereitos de acceso e cancelación).

TERCEIRO.- O presente acordo entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación á AEPD a efectos da inscrición do fichero, na forma prevista no art. 55 e concordantes do RD 1720/07.

CUARTO.- A existencia da videovixilancia autorizada publicarase na páxina web interna (intranet) do concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(231).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE PROMOVE A ACCESIBILIDADE DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO QUE DESENVOLVE O IMSERSO E A FEMP. EXPTE. 75605/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 18.02.09, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la adhesión do Concello de Vigo o Convenio de colaboración suscrito o 28 de agosto de 2008 polo Ministerio de Educación, Política Social e Deportes e a Federación Española de Municipios e Provincias, para a promoción da accesibilidade no transporte por autobús pola incorporación o servizo de transporte urbano de viaxeiros de 9 autobuses de 12 metros e 2 autobuses de 18 metros, para o que o IMSERSO aportará a cantidade de 105.177,10 €.

2º.- Dar traslado do presente Acordo a Intervención Municipal para a toma de razón.

27(232).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 22.12.08 SOBRE CONCESIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO DOS POSTOS DE VENDA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 57/771.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do interventor técnico do Mercado do Progreso, do 19.02.09, conformado polo concelleiro delegado de Comercio, que di o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2008, adoptou o seguinte acordo:

“ 41.- CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DOS POSTOS DE VENTA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 57/551.

(..)PRIMEIRO.- Declarar extinguidos os contratos de arrendamento existentes no Mercado do Progreso e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrência, concesións de dominio público sobor dos postos, que terán as seguintes condicións:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- b) Obriga a pagar un canon mensual polo importe que resulta da seguinte táboa, resultado de actualizar ó IPC a actual cota máis frecuente para cada tipo de posto:*

<i>TIPO</i>	<i>DESCRIPCION</i>	<i>CANON/MES</i>
-------------	--------------------	------------------

B	Bancada peixe 1º andar	90,62 €
C	Carnicería 1º andar	188,80 €
F	Froiterías 1º andar	123,00 €
M	Postos centrais 1º andar	90,62 €
VCA	Cafetería	519,18 €
VKI	KIOSKO	148,84 €
VPA	Panadería	519,18 €
SUP	Supermercado	3.064,00 €

- c) *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización*
- d) *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sin o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*
Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisibile ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
- e) *Os concesionarios dos postos do Mercado do Progreso poderán adquirir talonarios de vales de aparcamento bonificados para a entrega ós seus clientes e que darán a estes dereito a aparcar no aparcamento do Mercado do Progreso por un máximo de unha ou dúas horas, segundo os casos que se indican a continuación, non sendo posible a acumulación de bonos e procedéndose ó abono do uso suplementario en caso de excesos.*
Estes bonos, nos que se fará constar o día e a hora da súa entrega e só serán válidos en este intervalo, terán o seguinte custo:
- a. *Talonario de 50 bonos de unha hora, 10 €*
 - b. *Talonario de 50 bonos de dúas horas, 25 €*
- Os talóns serán facilitados pola xerencia do Mercado do Progreso previo abono do seu importe e presentación do impreso que se aprobe validado por entidade bancaria autorizada.*
Os concesionarios son reponsables do bó uso dos bonos. O Concello de Vigo, a proposta da Xerencia, e oído o concesionario, poderá negar a venda de bonos bonificados no caso de uso negligente ou fraudulento dos mesmos.
- f) *Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope valeiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión. Esta indemnización será de unha mensualidade para as obras que se inicien en 2009 e 2010 e se refiran ás ampliacións de duración da concesión á que se refire o apartado seguinte da presente.*
- g) *No suposto de realización de obras no Mercado que impliquen peche temporal do Mercado ou de algún posto, non será esixible o canon polo tempo de peche. Nembargantes, o concesionario non terá dereito a indemnización algunha polo tempo que deba permanecer pechado.*
- h) *No suposto de que polo Concello de Vigo sexa acordada a xestión indirecta do Mercado do Progreso, os cánones poderán ser incrementados en ata un 20% do importe da táboa, sendo*

nembargantes ó menor canon esixible un dos criterios a ter en conta para a adxudicación da xestión. No suposto de optar pola xestión indirecta, a relación entre os concesionarios e o Concello de Vigo non sufrirá variación algunha, pois a xestión indirecta referirase única-mente á xestión dos cobros e pagos e ás propostas e xestión de investimentos no Mercado e o seu entorno, non delegándose, agás troco legal que o poidera consentir, e estudada a oportu-nidade da medida, nin a actividade de policía nin a sancionadora. Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a no-vas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderánse incrementar e/ou redis-tribuir os cánones mensuais.

- i) Os concesionarios poderán constituirse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRL-FL.
- j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

As contías ás que se refire o presente apartado actualizaránse no mes de xaneiro de cada ano ó IPC. Esta porcentaxe aplicarase automaticamente e o resultado da súa actualización será exposta no ta-boleiro de anuncios do Mercado do Progreso durante o mes de xaneiro, sen que sexa precisa a súa notificación individual.

Os acordos sobor da proposta de obras a realizar, en canto impliquen contribucións especiais ou pe-che temporal do Mercado ou de postos do mesmo, así coma o incremento dos cánones ós que se refi-re o apartado h) precisarán do consentimento de, alomenos, o 75% dos concesionarios.

SEGUNDO.- Transformar os contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar “servizo público de mercados” (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrati-vas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesa-dos poideran ter esperado da actuación administrativa.

A dita opción consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no aparta-do anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse asimesmo os traspasos e traslados dos pos-tos sin pago de haber algún por tal concepto.

Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevése a realización de importantes obras no Mercado, os actuais usuarios dos postos e quenes ocupen postos en virtude de autoriza-cións provisionais, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máxi-mo de 40 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procede-mento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que poidera optarse.

A) De conformidade có indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, quenes estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Pro-greso por calqueira título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:

- a) *Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si éste tivese fixado un prazo de finalización*
- b) *Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 40 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.*
- c) *Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.*

As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) *Copia cotexada do NIF*
- b) *Copia do actual contrato de arrendamento*
- c) *Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c*

Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calqueira dereito sobor dos postos.

B) Durante o prazo dun mes dende a finalización do prazo ó que se refire o subapartado anterior, os suxeitos nela incluídos poderán optar á adxudicación directa dos postos valeiros do Mercado que sexan colindantes cós seus, cuxa relación será oportunamente aprobada e exposta no Mercado, aboando unha contía, independente do canon mensual de unha mensualidade e media por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40

As solicitudes para optar serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se aproba xuntamente coa presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- Copia cotexada do NIF*
- Copia do actual contrato de arrendamento*
- Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 10% da contía da cota inicial.*

A preferencia para a adxudicación dos postos, no caso de dous colindantes que opten ó posto, virá determinada polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

C) Os postos que non resulten adxudicados no prazo indicado neste artigo serán subhastados, sendo o tipo mínimo da subhasta o resultante da aplicación da presente. A tal fin, rematados os prazos do presente, iniciarásese sin dilación o procedemento correspondente.

D) O pagamento das cotas pola ampliación ou constitución das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 10% do importe resultante no momento de exercitar a opción*
- b) O 30 % antes do 31 de outubro de 2009*
- c) O 30% antes do 30 de abril de 2010*
- d) O 30% ates do 31 de outubro de 2010*

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

TERCEIRO.- Rematados os prazos ós que se refire o apartado anterior, procederáse á subhasta dos postos valeiros, subhasta na que o tipo mínimo da subhasta será de dúas cotas mensuais por cada ano de concesión ó que se opte, cun mínimo de 25 e un máximo de 40.

As solicitudes para optar á adxudicación en subhasta serán exercitadas mediante a presentación de ofertas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que cse indique, xunto coa seguinte documentación:

6. Copia cotexada do NIF

7. Oferta económica e número de anos ós que opta

8. Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 20% da contía do tipo mínimo da subhasta para o período mínimo.

A preferencia para a adxudicación dos postos virá determinada polo maior tipo. En caso de empate, polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

O pagamento das cotas pola adxudicación das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 40% do importe no prazo de un mes dende a adxudicación da concesión*
- b) O 30% antes do 30 de abril de 2010*
- c) O 30% antes do 31 de outubro de 2010*

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha e procedendo a incautar a garantía.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.”

SEGUNDO.- Con posterioridade á emisión da dita proposta, constatouse que certos aspectos do mesmo deberían ser subsanados e/ou modificados a fin de garantir a solvencia económica do Mercado e a prevista realización de investimentos no Mercado.

Por elo, efectúase a presente proposta alternativa, cuxos aspectos máis salientables son os seguintes:

- a) *A fin de garantir a solvencia económica e correxir os desfases existentes entre os cánones dos postos, no que na actualidade poden apreciarse agravios comparativos, e toda vez que o Pleno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o 29 de decembro de 2008 aprobou a xestión indirecta do Mercado do Progreso na modalidade de concerto e que se están a redactar os correspondentes pliegos para a licitación do mesmo, considérase oportuno elevar o incremento do canon que poderán propoñer quen opten á xestión indirecta non no 20%, sinón no 40% coma máximo, reiterando, eso sí, que un dos criterios de maior valoración na adxudicación do concerto será o menor incremento ofertado, incremento non obstante, que poderá ser variable por grupos de postos.*
- b) *Por outra banda, e toda vez que se prevén obras no Mercado que poderían afectar ás dimensións dos postos, considérase oportuno que a previsión de canon sexa establecida non por posto, sinón por fronte do mesmo, de tal xeito que, en virtude dos postos efectivamente resultantes, o canon resultante reflexe a distinta dimensión dos mesmos e deixen de existir, coma na actualidade, postos únicos ós que se lle remiten ata tres recibos.*
- c) *Tamén compre prever xa agora que nas obras que se realicen, os comerciantes que estean dispostos a abrir en horario de mañán e tarde serán agrupados, producíndose unha reordenación de postos en este sentido*
- d) *Compre realizar unha modificación nas datas de ingreso das cotas ó fin de adaptalas ás datas de xustificación da Orde de 31 de decembro de 2008 (DOG de 16 de febreiro de 2009), e por elo, as datas das aportacións serán o 31 de agosto e o 28 de breiro de 2009 e 2010.*
- e) *En relación có mesmo asunto das obras, e o fin de que unha vez rematadas exista uniformidade no Mercado, hai que incluír a obrigación dos titulares dos postos á data de remate das obras, de instalar nos seus postos o mobiliario que por grupos de comerciantes sexa aprobado (vitriñas, mostradores, bancadas,...) que será obxecto de compra centralizada e igual para cada grupo de vendedores.*
- f) *Por outra parte, debe establecerse, ó fin de facilitar, en tempos coma os actuáis, o financiamento dos comerciantes, a hipotecabilidade das concesións.*
- g) *A referencia da aplicación dos ingresos por ampliación de concesións en investimentos no Mercado e o seu entorno debe aclararse no senso de que serán efectuados os investimentos no propio Mercado.*
- h) *Asimesmo, considérase prudente reducir o custo dos talóns para aparcamento, sendo as contías sinaladas para talóns de 100 bonos e non de 50.*
- i) *Tamén compre remitir ós comerciantes un anteproxecto de Regulamento do Mercado, ó fin de aportación de suxerencias de cara á súa posterior aprobación.*
- j) *Por último, establécese o compromiso do Concello de Vigo de contactar con entidades financeiras ó fin de facilitar ós comerciantes o financiamento que precisen para facer fronte ás súas aportacións*

TERCEIRO.- A competencia para a aprobación do presente é da Xunta de Goberno Local, de conformidade coa Disposición Adicional segunda da LCSP, en relación coa Derrogatoria Única da mesma.

Vistos os feitos e fundamento de dereito indicados, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa remisión a Intervención Xeral, por si fose procedente a fiscalización do presente, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar extinguidos os contratos de arrendamento existentes no Mercado do Progreso e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrência, concesións de dominio público sobre dos postos, que serán hipotecables e terán as seguintes condicións:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
- b) Obriga a pagar un canon mensual polo importe que resulta da seguinte táboa, resultado de actualizar ó IPC a actual cota máis frecuente para cada tipo de posto:

TIPO	DESCRIPCION	CANON/MES
B	Bancada peixe 1º andar	53,31 €/ metro
C	Carnicería 1º andar	69,93 €/metro
F	Froiterías 1º andar	45,56 €/metro
M	Postos centrais 1º andar	30,21 €/metro
VCA	Cafetería	519,18 €
VKI	KIOSKO	148,84 €
VPA	Panadería	519,18 €
SUP	Supermercado	3.064,00 €

- c) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización
- d) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sin o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:
Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e tranferibles entre vivos e por causa de morte.
O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
- e) Os concesionarios dos postos do Mercado do Progreso poderán adquirir talonarios de vales de aparcamento bonificados para a entrega ós seus clientes e que darán a estes dereito a aparcarse no aparcamento do Mercado do Progreso por un máximo de unha ou dúas horas, segundo os casos que se indican a continuación, non sendo posible a acumulación de bonos e procedéndose ó abono do uso suplementario en caso de excesos.
Estes bonos, nos que se fará constar o día e a hora da súa entrega e só serán válidos en este intervalo, terán o seguinte custo:
- Talonario de 100 bonos de unha hora, 10 €
 - Talonario de 100 bonos de dúas horas, 25 €
- Os talóns serán facilitados pola xerencia do Mercado do Progreso previo abono do seu importe e presentación do impreso que se aprobe validado por entidade bancaria autorizada.
Os concesionarios son reponsables do bó uso dos bonos. O Concello de Vigo, a proposta da Xerencia, e oído o concesionario, poderá negar a venda de bonos bonificados no caso de uso negligente ou fraudulento dos mesmos.
- f) Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope valeiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. En todo

caso, serán agrupados os comerciantes que se comprometan a abrir en horario de mañán e tarde.

- g) No suposto de realización de obras no Mercado que impliquen peche temporal do Mercado ou de algún posto, non será esixible o canon polo tempo de peche. Nembargantes, o concesionario non terá dereito a indemnización algunha polo tempo que deba permanecer pechado.
- h) No suposto de que polo Concello de Vigo sexa acordada a xestión indirecta do Mercado do Progreso, os cánones poderán ser incrementados en ata un 40% do importe da táboa, sendo nembargantes ó menor canon esixible un dos criterios a ter en conta para a adxudicación da xestión. No suposto de optar pola xestión indirecta, a relación entre os concesionarios e o Concello de Vigo non sufrirá variación algunha, pois a xestión indirecta referirase única e exclusivamente á xestión dos cobros e pagos e ás propostas e xestión de investimentos no Mercado e o seu entorno, non delegándose, agás troco legal que o poidera consentir, e estudada a oportunidade da medida, nin a actividade de policía nin a sancionadora. Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderánse incrementar e/ou redistribuir os cánones mensuais.
- i) Os concesionarios poderán constituirse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRL-FL.
- j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.
- k) De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, ó remate das mesmas, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario que se aprobe por grupos de comerciantes. No caso de non instalalo, será de aplicación o apartado f) do presente

As contías ás que se refire o presente apartado actualizaránse no mes de xaneiro de cada ano ó IPC. Esta porcentaxe aplicarase automáticamente e o resultado da súa actualización será exposta no taboleiro de anuncios do Mercado do Progreso durante o mes de xaneiro, sen que sexa precisa a súa notificación individual.

Os acordos sobor da proposta de obras a realizar, en canto impliquen contribucións especiais ou peche temporal do Mercado ou de postos do mesmo, así coma o incremento dos cánones ós que se refire o apartado h) precisarán do consentimento de, alomenos, o 75% dos concesionarios.

SEGUNDO.- Transformar os contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar “servizo público de mercados” (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrativas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesados poideran ter esperado da actuación administrativa.

A dita opción consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no apartado anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse asimesmo os traspasos e traslados dos postos sin pago de haber algún por tal concepto.

Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevése a realización de importantes obras no Mercado, os actuais usuarios dos postos e quenes ocupen postos en virtude de autorizacións provisionais, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máximo de 40 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procedemento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que poidera optarse.

A) De conformidade có indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, quenes estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Progreso por calqueira título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:

- a) Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si éste tivese fixado un prazo de finalización
- b) Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 40 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.
- c) Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.

As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c

Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calqueira dereito sobor dos postos.

B) Durante o prazo dun mes dende a finalización do prazo ó que se refire o subapartado anterior, os suxeitos nela incluídos poderán optar á adxudicación directa dos postos valeiros do Mercado que sexan colindantes cós seus, cuxa relación será oportunamente aprobada e exposta no Mercado, aboando unha contía, independente do canon mensual de unha mensualidade e media por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40

As solicitudes para optar serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se aproba xuntamente coa presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 10% da contía da cota inicial.

A preferencia para a adxudicación dos postos, no caso de dous colindantes que opten ó posto, virá determinada polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

C) Os postos que non resulten adxudicados no prazo indicado neste artigo serán subhastados, sendo o tipo mínimo da subhasta o resultante da aplicación da presente. A tal fin, rematados os prazos do presente, iniciarásese sin dilación o procedemento correspondente.

D) O pagamento das cotas pola ampliación ou constitución das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 10% do importe resultante no momento de exercitar a opción*
- b) O 30 % antes do 31 de agosto de 2009*
- c) O 30% antes do 28 de febreiro de 2010*
- d) O 30% antes do 31 de agosto de 2010*

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no propio Mercado do Progreso.

TERCEIRO.- Rematados os prazos ós que se refire o apartado anterior, procederásese á subhasta dos postos valeiros, subhasta na que o tipo mínimo da subhasta será de dúas cotas mensuais por cada ano de concesión ó que se opte, cun mínimo de 25 e un máximo de 40.

As solicitudes para optar á adxudicación en subhasta serán exercitadas mediante a presentación de ofertas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que cse indique, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF*
- b) Oferta económica e número de anos ós que opta*
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 20% da contía do tipo mínimo da subhasta para o período mínimo.*

A preferencia para a adxudicación dos postos virá determinada polo maior tipo. En caso de empate, polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomarásese a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

O pagamento das cotas pola adxudicación das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 40% do importe no prazo de un mes dende a adxudicación da concesión*
- b) O 30% antes do 28 de febreiro de 2010*
- c) O 30% antes do 31 de agosto de 2010*

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha e procedendo a incautar a garantía.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

CARTO.- Remitir ós titulares dos postos e ós vendedores de produtos do campo anteproxecto de Regulamento do Mercado do Progreso, a fin de que efectúen as suxerencias que desexen no prazo de un mes

QUINTO.- O Concello de Vigo, a través do Concelleiro de Turismo, contactará con entidades bancarias a fin de, mediante a sinatura de convenios, procurar financiamento para os comerciantes para o pagamento das cotas por ampliación ó que se refire o presente, puidendo, a cambio de espazos no propio mercado destinados a caixeiros automáticos e similares, obter financiamento para a realización dos proxectos de reforma do Mercado e o propio financiamento das obras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(234).- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DOS SEGUINTE CONVENIOS:

A) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CPTOPT E CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCCIÓN DO TUNEL DA RÚA JULIÁN ESTEVEZ. EXPTE. 4886/401.

B) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O CONSORCIO DA ZONA FRANCA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO E MATERIALIZAICÓN NOS TERREOS DA ETEA DO PROXECTO ESTRATÉXICO CIDADE DO MAR. EXPTE. 4888/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 20.02.09, que di o seguinte:

Sométese á consideración do Consello e da Xunta de Goberno Local, dous convenios a asinar entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e outro, entre o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo baixo os números de expedientes administrativos 4.886/401 e 4.888/401.

A tramitación administrativa dos mencionados expedientes se basaba en dúas propostas de convenios remitidos pola Xunta de Galicia o 30.12.08 e o 12.01.09. Con posterioridade, o Consorcio da Zona Franca de Vigo (28.01.09, doc 900116439) remite texto de convenio con diversas modificacións e que serviu de base para a tramitación da autorización da transmisión dos terreos e instalacións da ETEA polo Consello de Ministros.

O 10.02.09 a Xunta de Galicia, Concello de Vigo e Consorcio da Zona Franca de Vigo, asinaron proposta de convenio na que con respecto ó informado por parte dos diferentes departamentos municipais, se establecen as seguintes modificacións:

- Cláusula primeira, final: “(...) compromiso que se garante mediante condición resolutoria (...)”.
- Cláusula terceira,segundo párrafo final: “(...) en canto as cantidades aprazadas co tipo mínimo previsto no mesmo (...)”.
- Cláusula quinta, primeiro apartado: “(...) no seu estado actual (...)”.
- Cláusula quinta, párrafo segundo: “(...) co tipo mínimo previsto no citado precepto (...)”.
- Cláusula décima, párrafo final: “(...) de acordo co previsto no artigo 110.3 da Lei 33/2003, de Patrimonio (...)”..

O citado texto definitivo foi incorporado ó expediente e informado con respecto ás modificacións plantexadas sobre o texto orixinario polo departamento de planeamento e xestión e a secretaría da Xerencia.

Por outra parte, o día 17.02.09 a arquitecta municipal da oficina de planeamento e xestión emitiu informe de valoración dos terreos e que é incorporado ó expediente 4.888/401.

É obxecto dos anteriores convenios, a concreta definición da participación das anteditas Administracións na execución do Túnel de “Xulián Estévez” (actuación A_11) e a rúa da Marina e a implantación do equipamento previsto no proxecto sectorial en tramitación “Cidade do Mar”, nos antigos terreos da “ETEA”.

O Concello de Vigo, de acordo coas determinacións previstas no Plan Xeral de Ordenación Municipal (aprobado pola Orde da CPTOPT de data 16.05.08, DOG 3.06.08), colabora na execución e garante a financiación da infraestrutura contida no PXOM como actuación A_11 “Xulián Estévez” e a obtención dos terreos necesarios para a execución das determinacións do proxecto sectorial “Cidade do Mar”. Así mesmo, co asinamento dos convenios relacionados, se compromete a realizar os primeiros impulsos na xestión do ámbito do APR 5-16 “Guixar”, peza clave para a garantía financeira de todas actuacións previstas e que son obxecto dos presentes convenios.

De acordo co previsto nos artigos 233 e seguintes da LOUGA, tramitaranse os mesmos como convenios de xestión o tratarse de acordos entre as Administracións implicadas nas que se determina a participación de todas elas na execución das determinacións do PXOM e do Proxecto sectorial “Cidade do Mar”. Co presente convenio, non se altera o equilibrio económico financeiro do PXOM, nin se precisa de máis modificación do mesmo que a derivada da aprobación do aludido instrumento de ordenación do territorio.

Con carácter previo á formalización, precisará que a proposta de convenio sexa aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, a apertura dun trámite de información pública e posterior aprobación definitiva do mesmo.

Por todo elo e, por considerar que concorre un interese público municipal no asinamento dos mencionados convenios, PROPONSE á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente os seguintes Convenios:

- Convenio entre o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do proxecto científico tecnolóxico “Cidade do Mar” nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada de Vigo (expte 4888/401), na versión da proposta asinada o 10.02.09.
- Convenio entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a execución do Túnel da rúa “Xulián Estévez” (expte 4886/401).

2.- De acordo co previsto no artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, acumular os dous trámites de información pública que é preciso realizar por un prazo de vinte días. Para o efecto, deberá procederse á publicación dun anuncio no Diario Oficial de Galicia en un diario dos de maior difusión na provincia.

Acordo

A Xunta de Goberno local, visto o precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente os seguintes Convenios:

- A) Convenio entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a execución do Túnel da rúa “Xulián Estévez” (expte 4886/401).

NESTE INTRE AUSÉNTANSE DA REUNIÓN OS MEMBROS DO GRUPO BNG.

- B) Convenio entre o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do proxecto científico tecnolóxico “Cidade do Mar” nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada de Vigo (expte 4888/401), na versión da proposta asinada o 10.02.09.

2º.- Prestar conformidade á aceptación polo Concello dos terreos, edificacións e instalacións mencionados no Convenio entre o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do proxecto científico tecnolóxico “Cidade do Mar” nos terreos da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada de Vigo.

3º .- De acordo co previsto no artigo 73 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, acumular os dous trámites de información pública que é preciso realizar por un prazo de vinte días. Para o efecto, deberá procederse á publicación dun anuncio no Diario Oficial de Galicia en un diario dos de maior difusión na provincia.

INCORPÓRANSE NOVAMENTE Á REUNIÓN OS MEMBROS DO GRUPO BNG.

29(235).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA A-SU-A 1 TOMADA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4504/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 13.02.09, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 29/04/02 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da A-SU-A 1 TOMADA (Expte. 4407/411).

O 16/04/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese ámbito (expte. 4091/401).

O Consello da Xerencia, na súa sesión do 23/05/2002, aprobou a constitución da Xunta de Compensación (expte. 4355/401).

A Xunta de goberno local na súa sesión do 17/12/07 acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da A-SU- A 1 TOMADA, rectificadora mediante acordo posterior do 4/08/08 (expte. 4747/401).

Don Juan Tomás Álvarez Rial, en calidade de presidente da Xunta de compensación da Unidade de actuación A-SU- A 1 TOMADA, con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 26/01/04, presentou proxecto de urbanización redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado polo colexio profesional correspondente con datas 12/01/04 e 18/08/08, para a súa tramitación.

Con datas 18/06/04, 11/11/04 e 5/06/07, os servizos de electro-mecánicos, montes, parques e xardíns e o de Abastecemento e Saneamento de Auga “Aqualia”, informaron o devandito proxecto de urbanización. Con data 10/10/08 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas informou o expediente.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 5 de decembro de 2008, acordou aprobar inicialmente o proxecto de urbanización presentado así como o seu sometemento a información pública. Durante o prazo de vinte días de exposición pública, logo da publicación do anuncio no diario “Faro de Vigo” do 19/12/08 e no Boletín Oficial da Provincia do 16/01/09 non se presentaron alegacións, como se fai constar en certificación expedida polo Secretario da Xerencia de Urbanismo do 11 de febreiro de 2009.

Con data 12/02/09, consonte co disposto no artigo 2.7.5 do novo PXOM de Vigo, o enxeñeiro técnico de obras públicas emite o seguinte informe: “Despois de revisar o proxecto de urbanización da UA-2 PENIS DE ARRIBA, compróbase que as aliñacións coinciden co planeamento aprobado e que cumpre coas determinacións e condicións de urbanización recollidas no título VII das vixentes normas urbanísticas que lle poidan ser aplicables”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Proxecto de urbanización:

O artigo 110 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) dispón que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Segundo os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase á normativa actualmente en vigor.

Así mesmo, o proxecto cumpre co disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade autónoma de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento (Decreto 35/2000, 28 de xaneiro).

II. Sistema de actuación elexido para a execución do polígono:

Segundo consta nos antecedentes, o sistema de actuación elexido é o de compensación. A entidade urbanística colaboradora asume a obriga de urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da LOUGA e no plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización.

Consonte co establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.

III. Procedemento:

O devandito artigo 110 da LOUGA, no seu apartado 4, dispón que os proxectos de urbanización serán aprobados polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia en nun dos xornais de maior circulación da provincia. A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente.

IV. Constitución das garantías precisas:

O artigo 74 da LOUGA esixe a constitución dunha garantía para o exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. No en tanto, e de conformidade co artigo 18.4 do Anexo normativo de tramitación de licenzas e documentación do novo PXOM e o artigo 20.2 da LOUGA esíxirase a constitución dunha garantía do 100% do custo das obras de urbanización, para o solo urbano no suposto de licenzas condicionadas a completar a urbanización. Xa que logo, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. No caso de que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do orzamento de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización. As devanditas garantías cancelaranse unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía.

V. Avaliación de impacto ambiental:

Con data 2/02/08 entrou en vigor o Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de avaliación do impacto ambiental de proxectos.

Dentro do anexo II (grupo 7.b) menciónanse como susceptibles de ser sometidos á tramitación de avaliación de impacto ambiental os proxectos de urbanizacións.

Remitido o expediente á Consellería de Medio ambiente e desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia a fin de determinar o sometemento do proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, consonte co previsto no artigo 16 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental, o Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante Decisión do 24/09/08, conclúe que non é necesario someter o proxecto presentado ao trámite de avaliación de impacto ambiental, sempre que se cumpran as condicións específicas e aquelas xerais que sexan de aplicación de entre as indicadas no anexo da devandita decisión.

V. Competencia:

Consonte co previsto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a competencia para a aprobación dos proxectos de urbanización correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Xa que logo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da A-SU-A 1 TOMADA, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado polo colexio oficial correspondente en data 26/01/04.

SEGUNDO: Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. No en tanto, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Necesariamente deberá comunicarse o inicio das obras e a comprobación do replanteo, na que deberán estar presentes un Técnico da XMU, o Supervisor municipal, o Promotor, Contratista, Técnico director das obras e Coordinador de seguridade e saúde.

TERCEIRO .- Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos propietarios do ámbito, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ao departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(236).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UA-2 PENIS DE ARRIBA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4811/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Administración Xeral, do 13.02.09, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 06/06/1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral) (Expte. 4115/411).

O 18/03/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese polígono (expte. 4023/401, BOP núm. 2, do 05/01/1999).

O 24/08/2000 constituíuse a Xunta de Compensación, mediante Escritura Pública outorgada perante a notaria dona Esperanza Molina Sueiro co núm. 1.974 do seu protocolo. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 9/11/00 acordou aprobar dita constitución (expte. 4254/401).

A Xunta de goberno local na súa sesión do 7/04/08 acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da UA 2 PENÍS DE ARRIBA.

A Xunta de Compensación da Unidade de Actuación UA 2 PENIS DE ARRIBA, presentou con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 25/03/08, proxecto de urbanización para a súa tramitación

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 11 de novembro de 2008, acordou aprobar inicialmente o proxecto de urbanización presentado así como o seu sometemento a información pública. Durante o prazo de vinte días de exposición pública, logo da publicación do anuncio no diario "Faro de Vigo" do 5/12/08 e no Boletín Oficial da Provincia do 2/01/09 non se presentaron alegacións, como se fai constar en certificación expedida polo Secretario da Xerencia de Urbanismo do 28 de xaneiro de 2009.

Con data 12/02/09, consonte co disposto no artigo 2.7.5 do novo PXOM de Vigo, o enxeñeiro técnico de obras públicas emite o seguinte informe: "Despois de revisar o proxecto de urbanización da UA-2 PENIS DE ARRIBA, compróbase que as aliñacións coinciden co planeamento aprobado e que cumpre coas determinacións e condicións de urbanización recollidas no título VII das vixentes normas urbanísticas que lle poidan ser aplicables".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Proxecto de urbanización:

O artigo 110 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) dispón que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Segundo os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase á normativa actualmente en vigor.

Así mesmo, o proxecto cumpre co disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade autónoma de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento (Decreto 35/2000, 28 de xaneiro).

II. Sistema de actuación elixido para a execución do polígono:

Segundo consta nos antecedentes, o sistema de actuación elixido é o de compensación. A entidade urbanística colaboradora asume a obriga de urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da LOUGA e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización.

Consonte co establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.

III. Procedemento:

O devandito artigo 110 da LOUGA, no seu apartado 4, dispón que os proxectos de urbanización serán aprobados polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia en nun dos xornais de maior circulación da provincia. A vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente.

IV. Constitución das garantías precisas:

O artigo 74 da LOUGA esixe a constitución dunha garantía para o exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. No en tanto, e de conformidade co artigo 18.4 do Anexo normativo de tramitación de licenzas e documentación do novo PXOM e o artigo 20.2 da LOUGA esíxirase a constitución dunha garantía do 100% do custo das obras de urbanización, para o solo urbano no suposto de licenzas condicionadas a completar a urbanización. Xa que logo, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. No caso de que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do orzamento de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización. As devanditas garantías cancelaranse unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía.

V. Avaliación de impacto ambiental:

Con data 2/02/08 entrou en vigor o Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de avaliación do impacto ambiental de proxectos.

Dentro do anexo II (grupo 7.b) menciónanse como susceptibles de ser sometidos á tramitación de avaliación de impacto ambiental os proxectos de urbanizacións.

Remitido o expediente á Consellería de Medio ambiente e desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia a fin de determinar o sometemento do proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, consonte co previsto no artigo 16 do Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental, o Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante Decisión do 30/06/08, conclúe que non é necesario someter o proxecto presentado ao trámite de avaliación de impacto ambiental, sempre que se cumpran as condicións específicas e aquelas xerais que sexan de aplicación de entre as indicadas no da devandita decisión.

V. Competencia:

Consonte co previsto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a competencia para a aprobación dos proxectos de urbanización correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Xa que logo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da Unidade de Actuación UA-2 PENIS DE ARRIBA, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Alberto Moreno García, visado polo colexio oficial correspondente en datas 16/03/08 e 24/04/08.

SEGUNDO: Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. No en tanto, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Necesariamente deberá comunicarse o inicio das obras e a comprobación do replanteo, na que deberán estar presentes un Técnico da XMU, o Supervisor municipal, o Promotor, Contratista, Técnico director das obras e Coordinador de seguridade e saúde.

TERCEIRO .- Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos propietarios do ámbito, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ao departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(237).- ADHESIÓN AO MODELO XERAL DE ESTATUTOS DA ENTIDADES URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN NO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4825/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Administración Xeral, do 18.02.09, conformado polo director dos Servizos técnicos, que di o seguinte:

O PERI II-05 ROCÍO, ámbito de planeamento delimitado no PXOU-93, foi aprobado definitivamente en sesión plenaria do 29.10.2001 (expte.5621/411). Este acordo de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº. 227, do 26.11.2001 e no DOG nº.56, do 11.12.2001. Ademáis, a súa normativa e ordenanzas de aplicación publicáronse no BOP nº.56, do 21.03.2002 (pp. 16-19). No dito PERI delimitase todo o ámbito como un único polígono, a executar mediante o sistema de compensación.

A XC constituíuse en escritura pública de data de 10.02.2003 outorgada perante o notario de Vigo, Sr. Rueda Pérez, co nº. 258 de protocolo, aprobada posteriormente polo Consello da Xerencia da XMU na súa sesión do 10.04.2003 (exp. Nº 4437/401). Constan incorporados á XC a totalidade dos propietarios do ámbito.

Mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 27.05.2003 foi inscrita a XC no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, co nº.08/03.

O 20.12.2004 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación definitiva do proxecto de compensación, en virtude do cal, creáronse no polígono dúas zonas verdes: unha ZONA VERDE V1 (ZONA DE XOGOS E RECREO), situada na zona da Pardaiña, de 1.530 m2 de superficie e outra ZONA VERDE V2 (JARDÍN), situada na zona do Rocío de 6.939 m2.

En data de 16.05.2008, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dictou unha orde na que resolveu aprobar definitivamente de forma parcial o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo. Dita Orde publicouse no DOG nº. 106 do 03.06.2008 e a normativa urbanística no BOP nº. 151 de día 06.08.2008.

En data de 22.05.2008 don Juan Ignacio López Espinosa presentou escrito (doc 80064139) solicitando a admisión a trámite da aplicación do modelo xeral de estatutos da Entidade Urbanística de Conservación. Informaban e asinaban o documento personas que son titulares de máis do 70% das cuotas de participación no polígono.

Pola Xunta de Goberno Local de data de 04.08.2008 acordouse aplicar ó devandito polígono o modelo de estatutos aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP nº. 1, día 02.01.2004).

O 20.01.2009 don Juan Ignacio López Espinosa en escrito (doc. 90007344) solicita que de acordo co disposto no apartado 2.3.5.2.b) das Normas Urbanísticas do vixente PXOM , se acorde que a obriga de constituir unha entidade urbanística de conservación, dentro do ámbito de dito polígono, para a conservación das zonas verdes e o mobiliario urbano, só alcanza á ZONA VERDE V1 (ZONA DE XOGOS E RECREO), situada na zona da Pardaiña, de 1.530 m2 de superficie, exclúidose de dita obriga a ZONA VERDE V2 (JARDÍN), situada na zona do Rocío, de 6.939 m2 de superficie.

FUNDAMENTOS LEGAIS

1.- Necesidade de constitución da Entidade de Conservación e adscripción obrigatoria dos propietarios á Entidade Urbanística de Conservación.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o planeamen-

to pode prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión viña contida no artigo 68 do RD 3288/1978, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación viña así mesmo derivada da aplicación do artigo 3.2.5.b in fine do PXOM-93. Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal, do proxecto de compensación e do resto dos acordos de aplicación dos mesmos.

Por outra parte, a obriga de conservación da urbanización corresponde á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Neste momento, inicia a obriga de conservación por parte da Entidade de Conservación.

2.- Contido do deber de conservación da urbanización consonte ó PXOM aprobado definitivamente de forma parcial pola CPTOPT mediante orde de 16.05.2008.- A obriga dos propietarios de conservar a urbanización é, en todo caso, unha opción que corresponde adoptar ao planeamento urbanístico, según se dispón no artigo 110.6 da Lei 9/2002, sen que no dito precepto se entre a precisar que concreto instrumento de planeamento teña que conter tal previsión.

Consonte o disposto na Memoria do vixente PXOM, o Plan Xeral-1993 optou, ao abeiro desa habilitación legal, porque foran os propietarios dos soares resultantes da execución sistemática do planeamento os que asumiran a obriga de conservar a urbanización, constituíndose para elo en entidade urbanística de conservación.

Neste senso, o vixente PXOM regula na norma 2.3.5 os supostos nos que será obrigatoria a constitución dunha entidade urbanística de conservación, fixando no seu apartado 2 que: Nos termos do artigo 110 da Lei 9/2002, de 30 de decembro (LOUGA) e demais normativa aplicable, será obrigatoria a constitución dunha entidade urbanística de conservación en calquera dos seguintes supostos: b) En tódolos polígonos delimitados no termo municipal. Os propietarios asumirán neles só a conservación das zonas verdes de superficie unitaria inferior a 5.000 m² e o mobiliario urbano. A obriga de conservación rexerá por un prazo de 5 anos desde a recepción da urbanización.”

O ámbito do PERI II-05 ROCÍO é un área de planeamento incorporado ao vixente PXOM no que se delimitou un polígono de actuación, correspondendo aos propietarios das parcelas resultantes a conservación da urbanización.

Pola súa banda, o transcrito apartado b) da norma 2.3.5.2 do vixente Plan Xeral suprime a obriga dos propietarios dos polígonos delimitados no termo municipal de conservar as zonas verdes de superficie superior a 5.000 m².

O artigo 2.3.5.7 do vixente PXOM posibilita que as entidades de conservación constituídas antes da entrada en vigor deste Plan Xeral podan solicitar en calquera momento a revisión dos seus estatutos para adaptarse ó disposto neste artigo, e continúa prevendo que poderán tamén instar a súa disolución se xa non resulta obrigada a asumir a conservación da urbanización, cumprindo os requisitos sinalados no punto anterior.

3.- Competencia para a adopción do presente acordo.- É competente para dictar o acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acceder ó solicitado no escrito de 20.01.2009 (doc. 90007344), acordándose excluir do deber de conservación da urbanización da Entidade Urbanística de Conservación, a constituir no ámbito do polígono do PERI II 05 ROCÍO, a zona verde nomeada ZONA VERDE V2 (JARDÍN), situada na zona do Rocío, de 6.939 m² de superficie.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos, dende o día seguinte á notificación do acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

32(238).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E AVISO PREVIO DA OBRA “PROXECTO HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA FAUSTINO ÁLVAREZ. EXPTE. 864/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 27.02.09, que di o seguinte:

Obra: PROXECTO HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA FAUSTINO ÁLVAREZ

Localidade e situación: R/ FAUSTINO ALVAREZ - VIGO

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIROS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRÁNZ GONZÁLEZ

Dirección facultativa: D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: EIRIÑA S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIROS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRÁNZ GONZÁLEZ

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. RAÚL ALBERTO SÁNCHEZ RODRÍGUEZ

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra:

D. FERNANDO JOSE VEGA PLA VEGA Titulación: ENXEÑEIRO T. INDUSTRIAL

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra PROXECTO HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA FAUSTINO ÁLVAREZ.*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(239).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2009. EXPTE. 2988/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Animación Sociocultural, do 11.02.09, conformado polo coordinador da tenencia de Alcaldía, o concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, o tenente de Alcalde, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogar o convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2009.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 88.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo ás seguintes partidas presupostarias:

- 55.000,00 euros con cargo á partida 4512.227.0604 (Convenio Reconquista), do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.
- 33.000,00 euros con cargo á partida 1112.227.0602 (Convenios e programas Tenencia de alcaldía), do programa presupostario da Tenencia de Alcaldía para o vixente exercicio.

3º.- Que os pagamentos se realicen a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

34(240).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.